



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SAN SADURNIÑO

Bases reguladoras do procedemento de selección de dous postos de traballo temporal a tempo completo no marco do Programa de subvencións da Deputación Provincial da Coruña (PEL-CONCELLOS/2026)

ANUNCIO

BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO, A CONTRATAR AO ABEIRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA NO ANO 2026 (PEL-CONCELLOS/2026)

Por Resolución de Alcaldía número 95/2026 de 9 de marzo acordouse aprobar a convocatoria e a aprobación das Bases reguladoras do procedemento de selección de persoal laboral temporal a tempo completo, a contratar ao abeiro do programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026 (PEL-CONCELLOS/2026).

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 POSTOS DE TRABALLO AO ABEIRO DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA NO ANO 2026 (PEL-CONCELLOS/2026)

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto das presentes bases é marcar os criterios de selección de traballadores e traballadoras para cubrir dous postos de traballo temporal a tempo completo no marco do Programa de subvencións da Deputación provincial ao abeiro do PEL-CONCELLOS/2026.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS

Consonte co establecido na base 3.3 das bases reguladoras da subvención para este Programa, os concellos adheridos ao este poderán realizar as contratacións ao abeiro da convocatoria PEL-CONCELLOS na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, asignándolles os códigos 405 cando a contratación sexa a tempo completo.

As características das prazas e as funcións do persoal que se pretende contratar serán:

- Chofer – especialista 1^a: contrataríase 1 chofer, cunha duración de seis meses e medio, a tempo completo, para guiar os camións municipais, de recollida de residuos, así como maquinaria agrícola, de cara a tarefas de roza e limpeza de vías municipais. Os conceptos salariais brutos mensuais do posto, coas pagas extras prorrateadas, será de 1.891,23 euros.

- Peón/peoa especialista 2^a: contrataríase 1 peón ou peoa, cunha duración de seis meses e medio a tempo completo, para realizar tarefas de recollida e tratamento primario dos diferentes tipos de residuos recollidos, así como na limpeza viaria municipal e obras no sistema de abastecemento de auga. Os conceptos salariais totais brutos mensuais do posto incluída a paga extras prorrateada, será de 1.684,88 euros.

TERCEIRA.- REQUISITOS XERAIS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para poder tomaren parte no proceso de selección será necesario que as persoas aspirantes reúnan os seguintes requisitos:

- Ter a nacionalidade española e ser maior de 16 anos, con idade non superior á de xubilación, sen prexuízo do disposto na legalidade vixente para o acceso dos nacionais dos Estados membros da UE, así como das persoas estranxeiras residentes en España.

- Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas, nin estar en ningunha causa de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para exercer funcións similares ás das presentes bases. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

• Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupada e estar dispoñible para o emprego. Este requisito debe cumprirse tanto no momento da selección, coma no da formalización do contrato.

CUARTA.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Ademais dos requisitos do punto anterior, en aplicación ao disposto no punto 3.2. das bases do Programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña, as persoas aspirantes deberán estar incluídas nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:

SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN LABORAL	DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR
Mulleres	Fotocopia do DNI
Maiores de 45 anos	
Menores de 30 anos	
Persoas desempregadas de longa duración (persoas que leven un mínimo dun ano inscritas como demandante de emprego nos servizos públicos de emprego)	Informe de Vida Laboral actualizado
Persoas con discapacidade, que teñan recoñecida un grao igual ou superior ao 33%	Certificado de minusvalía, expedido pola administración competente e vixente na data da publicación da convocatoria
Persoas en situación de drogodependencia	Informe dos servizos sociais municipais do concello de orixe
Persoas que vivan nun fogar onde ningunha teña emprego	
Persoas en fogar monoparental/monomarental	
Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais	
Persoas vítimas de violencia de xénero	
Persoas sen fogar	

***Por outra banda, no caso do posto de peón ou peoa especialista 2ª será imprescindible que a persoa a contratar estea capacitada para traballar con rozadora de fío.**

QUINTA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

Quen desexe participar no proceso de selectivo deberá presentar instancia dirixida ao Alcalde do Concello de San Sadurniño, segundo o modelo normalizado que se une ás presentes bases (Anexo I) e que estará a disposición das persoas interesadas nas oficinas municipais e na páxina web do Concello de San Sadurniño (<https://sansadurnino.gal/>).

O prazo de presentación de instancias será de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP da Coruña, presentarase no Rexistro Xeral do Concello, a través da sede electrónica do mesmo e nos lugares e na forma que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A instancia unirase a seguinte documentación:

- Copia do DNI
- Copia do permiso de conducir: C (no caso de chófer– especialista 1ª) e B (no caso de peón/peoa especialista 2ª)
- Informe de vida laboral e copia dos contratos de traballo ou, no caso de servizos en administracións públicas, certificado que acredite os mesmos.
- Xustificación documental na que quede debidamente acreditado o cumprimento dos requisitos xerais e específicos establecidos nas bases 3ª e 4ª.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, confeccionarase a listaxe de aspirantes admitidos e excluídos, determinándose a publicidade da mesma.

Dito anuncio e os restantes derivados deste proceso de selección, publicaranse no taboleiro de anuncios na páxina web do Concello, sen prexuízo, da súa difusión por outros medios que o concello estime pertinentes.

De non presentar a solicitude presencialmente ou na sede electrónica do concello, as persoas interesadas remitirán unha copia da instancia ao enderezo electrónico: correo@sansadurnino.gal, dentro das vinte e catro horas seguintes ao día da súa presentación e sempre que sexa dentro do prazo de presentación de instancias. Sen a concorrencia de ámbolos requisitos non será admitida a solicitude.

SÉXTA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O tribunal seleccionador valorará:

1.- Experiencia profesional (ata un máximo de 3 puntos)

Por cada mes traballado na Administración pública ou empresa privada a xornada completa, realizando tarefas directamente relacionadas co posto de traballo ao que se opta, 0,1 puntos por mes, ata un máximo de 3 puntos.

A experiencia laboral para ser valorada deberá estar debidamente xustificada mediante certificado de servizos prestado na administración ou contratos de traballo acompañados obrigatoriamente do informe de vida laboral. A falla dalgúns deste documentos (o contrato ou informe de vida laboral para os servizos en entidade privada ou pública se non se aporta certificado de servizos) determinará a non valoración da experiencia laboral alegada.

2.- Formación (ata un máximo de 3 puntos)

Por teren rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións públicas, con relación co posto de traballo ao que se opta, 2 puntos (acreditarase mediante presentación dos diplomas ou documento acreditativo da realización das actividades formativas).

Por cada curso directamente relacionado coas funcións propias do traballo a desenvolver, realizado por calquera organismo oficialmente homologado:

- Por cada curso de 10 a 50 horas: 0,10 puntos
- Por cada curso de 51 a 100 horas: 0,25 puntos
- Por cada curso de 101 a 299 horas: 0,50 puntos
- Por cada curso de máis de 300 horas: 1 punto

Os cursos que non acrediten unha duración mínima de 10 horas descartaranse da puntuación. A puntuación máxima que se pode acadar neste apartado de formación é de 3 puntos.

A formación alegada acreditarase mediante as copias ou orixinal dos títulos ou certificados nos que conste o número de horas de duración e deberán ser impartidos pola Administración ou por centros legalmente autorizados ou debidamente homologados.

3.- Circunstancias socioeconómicas (ata un máximo de 4 puntos)

Valoraranse as circunstancias persoais de cada persoa aspirante con 1 punto por cada unha que concorra, ata un máximo de 4 puntos:

- Presenza de menores.
- Insuficiencia de ingresos familiares (menos de 300€/mes de renda per cápita).
- Desemprego das persoas que forman a unidade familiar.
- Situación de paro de longa duración (máis de 12 meses).
- Situación de especial risco de exclusión.
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida pola Administración competente unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33% (acreditarase mediante a presentación do certificado).

As persoas aspirantes que non figuren empadroadas no Concello de San Sadurniño presentaran necesariamente informe dos servizos sociais dos seus respectivos concellos, e tamén presentarán o informe os empadroados no concello de San Sadurniño cando non teñan aberto expediente nos Servizos Sociais deste concello. De non presentaren dito informe non se valorarán estas circunstancias.

SÉTIMA.- TRIBUNAL

O tribunal estará composto polas seguintes persoas:

- Presidenta: María Ángeles Rodríguez Alves ou traballador/a que a substitúa
- Secretaria: Olalla Alvarez de Neira Martinez ou traballador/a que a substitúa
- Vogal: Roberto Lindín Novo ou traballador/a que o substitúa

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e demais circunstancias e incidencias xurdan durante o proceso selectivo, así como tomar os acordos que procedan en orde á cobertura das prazas convocadas, podendo propoñer a incorporación dos asesores especialistas que estime necesarios, con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á Alcaldía, cando neles concorran circunstancias previstas de abstención recollidas na normativa de procedemento administrativo común. Ademais, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando se dese calquera das circunstancias de abstención.

Para a válida actuación do tribunal será precisa a presenza da maioría dos seus membros.

OITAVA.- VALORACIÓN FINAL E PROPOSTA DE CANDIDATOS/AS

Unha vez rematada a selección o tribunal sumará os puntos obtidos por cada persoa candidata e propondrá á Alcaldía o nomeamento das persoas que obtivesen as puntuacións máis elevadas.

No caso de empate entre os candidatos presentados seguirase a seguinte orde de preferencia:

1º- Maior puntuación no apartado “Circunstancias socioeconómicas”

2º- Maior puntuación no apartado de “Experiencia profesional”

3º- En caso de persistir o empate farase unha entrevista persoal por parte do tribunal seleccionador na que se decidirá o desempate.

O resto de persoas que non foran eliminadas durante o proceso selectivo formarán unha lista de agarda, á que se recorrerá no caso de ter que realizar contratacións de substitución das persoas seleccionadas inicialmente.

Os/as candidatos/as propostas para seren contratados/as deberán achegar no momento da contratación un Informe médico oficial actualizado – polo que non deberá ter unha antigüidade superior a tres meses, contados dende a data da resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba a persoa aspirante seleccionada – no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ao posto de traballo ao que se opta.

NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal, incorporaranse nun ou varios ficheiros, do que é responsable o Concello de San Sadurniño.

A finalidade do tratamento é o procedemento de selección e contratación laboral temporal para cubrir os postos os que se refiren as presentes bases, dentro do programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos da Deputación Provincial da Coruña.

Mediante a participación neste proceso, as persoas aspirantes manifestan o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade antes indicada que comprende o rexistro de solicitudes de aspirantes, a cualificación de probas e avaliación das persoas candidatas, así como a provisión de postos e confección de listas de substitución. Os datos serán conservados durante o prazo estritamente necesario para cumprir coa finalidade antes indicada.

En San Sadurniño, 18 de marzo de 2026

O alcalde,

Secundino García Casal

ANEXO I

BASES REGULADORAS PARA SELECCIÓN DE PERSOAL PARA O PROGRAMA PEL-CONCELLOS/2026 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

D./Dña..... con DNI..... domicilio en C.P..... teléfono..... correo electrónico.....

Tendo coñecemento da convocatoria realizada polo Concello de San Sadurniño, para cubrir unha praza de “chófer – especialista 1ª” e unha praza de “peón/peoa especialista 2ª” de acordo ás bases reguladoras, que declara coñecer e aceptar.

SOLICITA: A admisión ao proceso de selección convocado (marcar cunha “X” onde proceda):

- Praza de chófer – especialista 1ª Praza de peón/peoa especialista 2ª

A tal efecto acompaña a documentación esixida nas Bases reguladoras e comprométese a achegar os documentos acreditativos necesarios no suposto de resultar seleccionado. Acompaña á presente:

- Copia do DNI.
 Tarxeta de demandante de emprego.
 Documentación acreditativa referidas na bases QUINTA e SEXTA das bases reguladoras deste proceso selectivo, para a súa avaliación e valoración.

DECLARA atoparse incluído/a nalgún dos apartados das bases reguladoras da convocatoria, achegando coa presente solicitude a documentación acreditativa (marque cunha “X” a súa situación):

SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN LABORAL	DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR
Mulleres	Fotocopia do DNI
Maiores de 45 anos	
Menores de 30 anos	
Persoas desempregadas de longa duración (persoas que leven un mínimo dun ano inscritas como demandante de emprego nos servizos públicos de emprego)	Informe de Vida Laboral actualizado
Persoas con discapacidade, que teñan recoñecida un grao igual ou superior ao 33%	Certificado de minusvalía, expedido pola administración competente e vixente na data da publicación da convocatoria
Persoas en situación de drogodependencia	Informe dos servizos sociais municipais do concello de orixe
Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego	
Persoas en fogar monoparental/monomarental	
Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais	
Persoas vítimas de violencia de xénero	
Persoas sen fogar	

Coa sinatura da presente solicitude **DECLARA RESPONSABLEMENTE:**

- Que cumpre cos requisitos desta convocatoria.
- Que non foi separado ou separada mediante expediente disciplinario do servizo das administracións públicas, nin se atopa en situación de inhabilitación para o exercicio das funcións públicas.
- Que non está incurso nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.
- Que manifesta o seu consentimento para a utilización dos datos persoais recollidos na mesma, para as finalidades indicadas nas bases da convocatoria.

En San Sadurniño, a de, do 2026

Sr. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO